

INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA FACULDADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

O 23 de maio de 2018 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia correspondente á revisión do curso 2016-2017, solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PM-01 Medición, análise e mellora do Sistema de garantía de calidade da Universidade de Santiago de Compostela.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso de Medición, análise e mellora (Código: PM-01) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de garantía de calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

INFORME:

A Memoria de calidade 2016-2017 da Facultade de Xeografía e Historia, recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introducción
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras do centro
- Anexo. Informes de seguimento dos títulos impartidos no centro

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se **informa favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado da memoria á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

Pilar Martínez García

Xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA PILAR MARTINEZ GARCIA, XEFA DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/06/2018 15:11:54.

CSV: 5A04-7E8D-47CD-BEF5